

# A Xanela

Revista cultural das Mariñas


# A Xanela

Revista cultural das Mariñas

Nº 30

OUTONO

2010



RETRATO DE CARLOS LÓPEZ GARCÍA-PICOS  
POR LUIS SEOANE. 1975.

## COLABORACIÓNS

Mario Marcos Pardo, Xuxo Torres, Xoán Carlos Domínguez Alberte, Manuel Fiaño Sánchez, Gabriela Rodríguez, Maxi Rei, Cristino Cortes, María Virgínia Monteiro, João de Castro Nunes, Xosé M<sup>a</sup> Veiga Ferreira, Juan Sobrino Ceballos, Víctor Tizón, Manuel B. Dans, Moncho do Orzán, Teresa López Ares, Javier Ares Espiño e Baraxeiro.

## TEXTOS

Augusto d'Halmar

## DESEÑOS

Víctor Tizón, Sabela Arias, Olaia e Luis Otero.

## COORDENA

Xesús Torres

## IMPRIME

Lugami, Artes Gráficas. Betanzos

## FOTOGRAFÍAS

Veiga, Dans, Pilar Vázquez, G.E.G., Arquivo Municipal de Betanzos e Arquivo Eira Vella

## MAQUETA

Equipo Xerri

## D.L.

C - 1696 /96

Permítase e agradécese a reprodución, citando a procedencia.  
O noso E-mail: eiravellabetanzos@yahoo.com

ASOCIACIÓN CULTURAL EIRA VELLA  
PESCADARÍA, 2. BETANZOS 15300. GALICIA.

## Actividades da A.C. Eira Vella

### Presentación de "Espertar"

O 3 de xullo presentouse o libro "Espertar", que fai o número 3 da colección "Xanela da poesía" editada por Eira Vella, libro mixto de poesía e fotografía do que son autores Lino García e Helena Robledo. Aos autores acompañounos no acto Gabriela Rodríguez e Xabier López.

### Presentación de "Os libros prestados"

O 20 de setembro presentouse esta nova obra de Xabier López López, editada por Galaxia. Participaron na presentación o xerente da editora, Lema, Santiago Jaureguizar, a presidenta de Eira Vella Gabriela Rodríguez e o propio autor.

### Homenaxe a Xulio Cuns

Do 17 ao 30 de outubro tiveron lugar os actos de homenaxe a Xulio Cuns, veterano activista cultural e membro fundador da A.C. Eira Vella. Na sala de exposicións do edificio Arquivo inaugurouse o día 17 unha mostra biobibliográfica que estivo exposta ata o día 30. O sábado 23 tivo lugar un emotivo Encontro artístico-literario na Aula Municipal de cultura con participación de amigos, escritores, músicos e actores e a Banda municipal de Betanzos.

### O blog de Eira Vella

<http://eiravellaac.blogaliza.org/>

## Agradecementos

A todos os **anunciantes** (locais comerciais, empresas e entidades) pola súa fidelidade e axuda.

Á **Deputación Provincial da Coruña** pola axuda que nos concedeu para a edición dos números de Primavera e Outono da Xanela.

## Novo enderezo

Asociación Cultural Eira Vella  
Pescadería, 2  
15300. Betanzos

### Sabela Arias

#### Historias de Icí e Avoa



### Víctor Tizón




## Formigas

Afanosos,  
inconscientes,  
sumisos,  
donos do corpo e pouco máis,  
coma as formigas que veñen e van.

Coma as formigas que veñen e van,  
somos grupo,  
cardume,  
enxame,  
formigueiro ou sociedade.  
(Estrofa redundante, case innecesaria).

Sociedade da ilusión:  
democracia,  
comodidades corporais,  
cultura,  
hixiene,  
dietética,  
civilización,  
sobreabundancia de cortinas protectoras;  
caverna,  
lardo,  
caries,  
somos sombras chinesas,  
ai destas pombiñas que se cren falcóns,  
aínda coas folganzas e feiras,  
pasan todos os días iguais.

Pasan todos os días iguais,  
enguedellados no labirinto dos traballos e praceres,  
igualados todos,  
coma as formigas que veñen e van.



**Mario Marcos Pardo**

ILUSTRACIÓN: LUIS OTERO

## Elexía húngara

A Zoltan (1948-2010), in memoriam

“Ouh, vello oso de Hungría!”  
coma a aquel Platko, porteiro lexendario  
que cantara o Alberti gaditano  
así eu te canto na túa partida.

Marchaches silandeiro coma chegaras  
sen anuncios nen despedidas,  
nunca soubemos de qué viñas fuxindo,  
de ti mesmo quizais, coma nós todos.

Viñas doutras terras que xa non eran  
as túas primixenias maxiars  
e ancoraches na nosa fluvial cidade  
que foi o teu descanso máis continuo.

Habitabas na Tolerancia número tres  
como adoitabas dicir con humor  
ou sexa, no terceiro banco do Paseo  
con boa aireación de fronte e polas beiras.

Cofecías moitas linguas e idiomas  
e aprendiches tamén o noso escarnecido,  
labrego e mariñeiro que sabías  
fora de reis e grandes troveiros e poetas.

Gostabas das letras (o Sandor Petöffi,  
voso poeta nacional que cantou  
o noso Aquilino, entre os primeiros)  
e das artes e da historia máis ben do medioevo.

Deixáchesnos dos Andrade  
a bibliografía máis completa  
e mesmo algunha vez soñaches  
seres o mesmo Fernán Peres reencarnado.

Pintabas os nosos símbolos amados  
con trazos tremerosos e sinxelos que vendías  
aos turistas nas portas das igrexas  
e ofreciaste de guía se querían.

Gostabas tanto das tabernas...!  
Elas eran a túa cátedra improvisada  
se a ocasión e os siareiros  
se prestaban, que non sempre.

Nelas fluía a túa desaproveitada  
sabiduría e erudición pasmosa  
como o alcohol cotián e necesario  
polo teu sangue desbocado.

**Xuxo Torres**

## Capêlo o poeta

A José Manuel Capêlo (1946-2010),  
que me visitou em Betanzos e agasalhou  
cos seus libros o 12 de marzo de 1994,  
in memoriam

Capêlo o poeta bota a *miragem*  
a este velho e cansado *corpo-terra*  
mentres a *fala do homem sozinho*  
entoa tristes *canções sem rosto*  
encarando o *incontável horizonte*.

De pronto *enche-se de eco a cidade*  
iluminan-se os *rostos e sombras*  
na *hora imediata (hora extrema)*  
em que retumba a *voz dos temporais*  
a cantar *quanto desta terra é*.

**Xuxo Torres**

Betanzos 1995  
(en cursiva, títulos dos  
poemarios de Capêlo)



ARCO DA PONTE VELLA POR V. H. ZOLTAN  
(HUNGRIA 1948). SERIE: BETANZOS MONUMENTAL. 1990.

# Viaxe de volta

**Manuel Fiaño Sánchez**

Ven desandando o camiño que hai moitos anos andara seu pai.

Moito lle teñen falado desta terra. Unha terra que é a súa, aínda que endexamais a pisou ata agora. Este é un encontro longamente agardado. Ten corenta e tres anos e ven andar por onde andivo seu pai. Ven beber nas mesmas fontes en que bebeu seu pai sendo neno.

Veú en avión, desandando polo ceo o camiño que seu pai fixo, hai agora cincuenta e seis anos, pola inmensidade do océano. Durante o tempo que durou a viaxe, veu revivindo os interminables días de travesía naquel vapor que levaba no seu ventre un mozo cheo de ilusión cara ás terras de América. Ese mozo era seu pai, e o vapor chamábase *Alba*.

Viaxa coa súa muller. Ela é arxentina. El tamén, pero menos. Naceu no barrio de Balvanera, aínda que tamén naceu un pouco aquí, nesta terra que agora esta a percorrer.

Hoxe visitou a aldea. Non atopou ningún daqueles camiños que tantas veces lle debuxara imaxinariamente o seu vello. Non puido percorrer ningún carreiro nin subir por aquel pasadoiro que seu pai tantas veces atravesara para ir ó muíño. Tan só atopou camiños tismados de asfalto. Do muíño só quedan unhas cantas pedras; está sen tellado e sen maquinaria.

Aínda así, el estao a ver tal e como era, tal e como, centos de veces, llo describiu. Amósallo á súa dona tentando que ela escoite o bater da auga no rodicio, e a música das dúas pedras machucando o grao. Ela non pode nin sequera adiviñar ese son, porque non ten as súas raíces nesta terra.

Foi ver a casa onde nacera seu pai. Xa non é da familia. A súa tía vendeuna despois de herdala e marchou para a cidade. Hoxe atopase totalmente restaurada. Tellado novo, pedras cintadas, ventás de aluminio branco e ata ten unha piscina no que antes era a horta. Non puido visitala por dentro. Os novos donos son da cidade e tan só veñen nas

vacacións e algún fin de semana. Non puido ver o forno, a lareira, o cuarto dos avós. Non puido mirar pola ventá pola que mirara seu pai. Non puido. Estaba pechada.

Hoxe andaron pola aldea e atoparon xente maior. Homes e mulleres da mesma idade que a de seu pai. Moitos recoñecérono pola faciana: ¡ti es o fillo de Xoán de Viús! ¡ai ó, es cuspidiño a teu avó, que en paz descanse!.

Ningún daqueles homes andaba con boina nin chaleco nin zocos. Ningunha daquelas mulleres tiña pano na cabeza atado por debaixo do queixelo, tal como seu pai llos pintara sendo el un

neno. Agora elas vestían con roupa de cores. Ían peiteadas e con zapatos de sola. Eles levaban pantalóns de franela, camisas de raias e chaquetas de punto. Algúns lucían sombreiro de feltro e apoiábanse en bastóns con empuñaduras metálicas. Todos andaban de paseo ou tomaban folgos, sentados nuns bancos de pedra que había a veira do camiño co escudo do concello gravado.

Retratouse con eles e con elas. Eses velliños viaxarán sen decatarse a Bos Aires, metidos naquela máquina de fotos do tamaño dun paquete de tabaco. Nesa maquiña leva retratado todo o aroma desta aldea que é a súa. Casas novas, casas vellas

restauradas, a igrexa coa pedra lavada e o tellado novo, o cruceiro, a fonte con pichos novos, o campo da festa co seu palco da música pintado de branco. Leva cada recuncho desta terra prendido na retina e inmortalizado a toda cor, na maquiña de fotos.

E tamén leva unha presiña de terra do camposanto que seu pai lle encargou, e que gardará como ouro en pano ata que morra.

Por fin fixo a viaxe de volta que seu pai nunca puido facer.



ILUSTRACIÓN: LUIS OTERO

# “Tesouros novos e vellos”

**Xoán Carlos Domínguez Alberte**

Mensaxe en botella navegante  
para unha identidade  
descoñecida.

Sigo sendo Balbino,  
coma quen di, un calquera.  
Escriboche dende a beira do nós  
e do aquí.

I  
A nai quedou soa,  
neste lugar,  
xa hai moito tempo,  
e fíxose vella  
mais decote está connosco,  
moi vella...  
coma a terra.

II  
As mans rexas do traballo terman,  
agora que penso que che escribo,  
dos pés novos  
que queren brincar á corda  
da liña cambiante  
que hai entre  
a area e as ondas.

Unha vida cativa, que non sabe falar,  
olla cara ao alén inescrutábel  
da nosa historia,  
confundíndose o horizonte  
nos seus ollos,  
que empezan a afacerse,  
devagar,  
ao espectáculo da luz  
sen tebras.

Para ela non existe  
máis mundo ca o próximo.  
Os seus constrúeno  
cada xeira  
en esforzo de traballo  
nos sucos desta terra  
coa forza das palabras  
nosas,  
de ondas de airexa mariña  
que nunca fixeron por emigrar.

III  
Hai xa tantos anos que partiches  
a vida en dúas metades  
que non sei se aínda paga a pena  
ceibar a cicatriz aberta  
nun sentimento profundo de familia  
no mergullo da botella baleira.

IV  
Do outro lado  
do mundo  
calquera hora de crepúsculo  
seguen desembarcando ronseis  
de retorno  
con pegadas confusas  
e intereses  
por saber das orixes  
do desarraigo  
para vivir con propiedade  
os bens  
do paraíso perdido  
hai tanto tempo.

V  
Aos que nunca se desterraron  
non lles cómpre  
botar áncoras  
nin implantar raíz  
con marca estranxeira.

Abóndalles con tarmar  
dos nosos acentos  
na trabe de ouro  
que brinca  
con pegadas cambiantes  
de xeración en xeración  
entre a terra e as ondas.

A liña da corda da vida  
vaise movendo  
nos ollos cativos de noso  
que se van afacendo  
a ver medrar  
a forza da luz sobre as tebras.

Esta é toda a nosa fortuna.  
O horizonte  
auténtico do único  
mar.

# Xirar

Xirar no eixo.


Sempre dando voltas  
en respostas retóricas,  
en tópicos litúrxicos,  
enfermidades crónicas.

Non pregunto.

Escoito...  
argumentos teóricos,  
relatos curtos,  
discursos clónicos.

Desconecto.

Absorta nos meus contos  
resisto.  
Poemas contra o vento  
en follas soltas.



**Gabriela Rodríguez**

ILUSTRACIÓN: OLAIA



# A Betanzos quixera volver

*Para o meu amigo Xulio Cuns*

amigo Xulio,

coñecímonos fai arredor de quince anos

cando Betanzos era para min un horizonte no que non collían as ilusións dos meus ollos

cando devecía por descubrir tantas palabras e tantos recunchos

Que ti gardabas tras un sorriso de outonos invencibles

amigo Xulio

a Betanzos quixera volver para erguer de novo os hórreos da abundancia

daquel tempo que na nostalxia ten cor de bronce ou ámbar

onde baixaba desde a miña aldea coas mans ávidas de porvir

para atopar en ti

amigo Xulio

un pórtico inmenso onde achegarse e contemplar a grandeza da nosa cultura

a túa voz galega sempre tan viva e tan xenerosa

que me abría camiños por onde o verso debía andar

que me agasallaba adozadas tardes

onde escoitarte

amigo Xulio

era nunca fartarse de probar dos exquisitos tesouros da túa memoria oceánica

amigo Xulio

a Betanzos quixera volver

para buscarte e atoparte e sorrirche e encherme de ledicia

para que na transparencia mol da tarde estale a túa risa

como trebón de vida co que se enchoupen os nosos ollos

e agromen retallos de conversas ó abeiro duns viños

non hai

amigo Xulio

ouro fora de Betanzos para pagar eses momentos

**Maxi Rei**

*(Poema lido na homenaxe a Xulio Cuns, o 23-X-2010)*

## 10 poemas num só verso

Jamais dois homens vêem a mesma árvore

\*\*\*

O trabalho dos sapateiros arrasta-se pelo chão.

\*\*\*

Uma fotografia pára o tempo

\*\*\*

Linguagem do mudo: nada falar e dizer tudo.

\*\*\*

Magoa este universo de mágoa e impotência.

\*\*\*

Livre sou eu e livre será quem comigo viver.

\*\*\*

Eu sou o outro de cada um de vós.

\*\*\*

É um desejo que deseja comigo.

\*\*\*

Connosco nasce o destino.

\*\*\*

Anda a morte com os teus próprios passos.

## 5 apontamentos em dois versos

O astrónomo é um poeta à força

\_Mas só de noite.

\*\*\*

Jamais, de um rosto de mulher

Digas que tem linhas de expressão.

\*\*\*

O sono das crianças bem me sabe

\_Sabe-me bem até que se acabe.

\*\*\*

Tarde, sempre mais tarde naturalmente acordava

\_Esquecendo a hora a que na véspera se deitava.

\*\*\*

A isto chama eu férias e outros dirão

Uma grande seca \_ e cada um tem a sua razão.

**Cristino Cortes**

**Cristino Cortes**




ILUSTRACIÓN: SABELA ARIAS

## ...Longe...

o que quero (o que quero?...)  
o que peço  
se o mereço  
(-ó céus, se o mereço!)  
é um canto de luz  
uma estrela  
(-a mais bela      a mais bela  
a sem preço!)

e um sulco até ela  
uma estrada  
um caminho, um farol  
um regresso  
dessa luz    outrora  
acendida  
que brilhava, no escuro  
          e apagada  
a procuro  
porque ela era vida

a que busco  
          em profundo recesso  
qual perdido fanal  
          de um regresso  
e ela foge, ela foge, ela foge  
ela é longe  
na noite do hoje  
essa estrela  
no outrora  
          acendida

**María Virgínia Monteiro**

## Último lance

Deus quis que a Terra fosse povoada  
e seus dados lançou:  
saíram monstros  
e muitas coisas belas  
como as estrelas!  
Ficou pasmado  
com o resultado,  
ou seja, lado a lado  
serpentes, dinossauros e quejandos  
em grandes bandos  
comendo-se uns aos outros sem maldade.  
Ao pé do melro  
a saltitar entre roseiras bravas  
mostrava o macairodo  
os seus dentes de sabre  
horrendos e temíveis desde logo.  
Que maravilha!  
Em mais uma jogada  
em sexta-feira, treze,  
saiu-lhe o ser humano  
o qual igual a si lhe pareceu  
numa primeira e súbita impressão  
pois tinha um rosto semelhante ao seu.  
Depois... guardando os dados  
muito provavelmente viciados  
nunca mais os lançou  
não fosse ter  
desilusão maior!

**João de Castro Nunes**

## Santa María de Vilachá

Xosé María Veiga Ferreira  
Juan Sobrino Ceballos

**S**anta María de Vilachá é unha parroquia situada na parte occidental do concello de Monfero, na zona do baixo Eume. Está integrada polos lugares de Abercovo, Campo, Canedo, Casa do Cego, Casal, Casanova, Corveira, Corveiras, Cruceiro, Feal, Fonte da Vila, Fornos, Goente, Igrexa, Loureiro, Nabeira, Pazo, Pedrón, Penedo, Piñeiro, Raído, Regueiro, Souto, Val e Vilaxoán.

A delimitación parroquial máis antiga témola nun documento do ano 1300, conservado no Arquivo Histórico Nacional, en que se fai un deslinde desta feligresía:

*“...Conven a saber que o abbade e o convento ia ditos vien apartir por meo todaquello que ouveren des aqui endeante por voz de rey en villa chaa enas corveiras e en villa Joane e en Frariz e en nevares e en goente, tanto en vida desses ia nomeados por terminos nomeados, conven a saber pelo Castello de cotellon e como vay por essa serra ao couto de Monfero desde aqui a Queygeyro. Ende como vay en deryto ao couto que esta entre villa Joane e Prada. Ende como vay ao couto que esta en na mamoa das esqueyras de vilachaa. Ende ao porto dagas Ruvas. E ende como se departe a herdade de nevares da de Framelle. e ende como vay ao Castello de Cotellon u primeyramente comecemos...”*

Outra delimitación máis moderna é a que atopamos no Catastro de Ensenada, realizado a mediados do século XVIII:

*“Principiando por el E linda con el marco que llaman la serra de Queixeiro desde este a de las mamoas de Vite desde esta al de Penas de Yedra, desde este al del Feal de Prada pequena, desde este por la corredera arriba al de Cal, desde este al de la fonte nova, desde este al de la Cartelida, desde este yendo por el rio de Porto Maceira avajo al de la Puente dos Carros, desde este al de Cal de Carivio, desde este al de las Loveiras, desde este al de la*



ADRO DA IGREXA DE VILACHÁ. FOTO VEIGA

*fuate do Seijo, desde este al de Novas, desde este al de las Plumas, desde este al marco de Queixeiro, primera demarcación”*

Vilachá é unha das parroquias con máis presenza de testemuñas do noso pasado máis antigo. Ó Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trascos debémoslle o seu achádego e posterior descrición no Anuario Brigantino de 2003 e 2004.

No complexo dos Edreiros, situado preto de Abercovo, atopámonos con varias penas con gravados, nos que hai varias combinacións circulares así como algunhas cazoletas. O conxunto aparece dividido por un valado que as atravesa de norte a sur. Chama a atención a do lado Oeste (o da fotografía) que presenta once gravados rodeando unha pía produto da erosión. A rentes do valado, podíanse ollar dúas combinacións circulares de trazo grosso e perfectamente definidas pero na actualidade están tapadas por pedras que caeron enriba. Os gravados pegados ó valado semellan máis antigos que os que vemos en primeiro plano, isto pode ser debido a que a pedra fose utilizada ata a época moderna, mesturándose gravados rupestres con petroglifos de termo. Os círculos simples e as



CRUCEIRO DO CASAL. FOTO VEIGA

representacións tipo “ferradura” así no lo fan pensar, xa que eran usadas como delimitacións dos coutos xurisdicionais.

Actualmente o entorno está alterado pola instalación dunhas abelleiras, xusto enriba do petroglifo, así como pola acumulación de pedra e rochas polos dous lados do valado. O aproveitamento da pedra con labores de cantería, e o paso da maquinaria agrícola tamén se suman na súa alteración. O conxunto prehistórico completase con nove mámoas localizadas entre os lugares de Naveira, Val e Penedo.

No conxunto da parroquia, ademais das xa sinaladas, atopáronse sete mámoas máis, concentradas nas zonas ou grupos de Campo Muniz-Torgal, O Tesouro e Serra de Queixeiro. Temos coñecemento documental doutra mámoa que existiría e servía de marco do Coto Xurisdicional do Mosteiro de Monfero no 1135:

*“...portum que est inter Villam Iohannen et Pradam, inde per illam mamooan de Sculariis de Villaplana, deinde per illum fogium de Villarino; inde per Portum de...”*

Nun documento de 1258-1261, publicado por Andrés Martínez Salazar, dáse conta ó Rei Alfonso X, por parte dos frades

do Monfero, de que os señores tiraban os marcos das propiedades do mosteiro, ordenando o Rei que fosen repostos:

*“...et foron a aqueles lugares er a aqueles terminos por hu dizia o privilegio onde se queixava o abade ...et en aqueles terminos que dizia o privilegio onde acharon as pedras meyores que foran metudas por coctos do moesteyro et que foran derribadas... e os terminos desse privilegio son aquestes nomeados. Conven a saber por aquel lugar que chaman... ende pela cabeza da Açoreyra á a Corveyra, ende como tende por entre Vila Joane et prenda en dereyto á aquela mámoa de Esqueyras de Vila Cháá, ende pelo Fugio de Vilariño...”*

Un marco que dividía as parroquias de Vilachá, Grandal e Taboada tiña, segundo nos di Tolosana, dicíase que tiña poderes contra a envidia. Había que poñer allos nun oco que tiña e despois dar nove voltas arredor tirando unha pedra por enriba do ombro esquerdo. O que ía en representación doutra persoa tiña que dar nove cuadas na pedra. Na casa deixábase unha vela e o pan enriba da mesa cun coitelo cravado. Había que ir por un camiño e volver por outro e sin mirar atrás. Si se tiña medo había que dicir:

*Anque mire para atrás  
non penses que teño medo  
que miro a ver si ven San Xoán  
e máis o señor San Pedro.”*

Santa María de Vilachá foi de señorío secular, vinculada ós Andrade, así atopamos no 1571 a Rodrigo Freire; en 1607, Rodrigo Freire de Andrade; 1752, Manuel Varela; 1789, Justo Gabriel Tenreiro e o posterior Joaquín Tenreiro de Montenegro, quen foi nomeado como Conde de Vigo, pola liberación desa cidade na Guerra da Independencia.



PETROGLIFO DOS EDREIROS.  
FOTO: GRUPO DE ARQUEOLOXÍA TERRA DE TRASANCOS.



RELOXO DE SOL NO LATERAL DA IGREXA. FOTO VEIGA



CRUCEIRO DO CASAL, DETALLE. FOTO VEIGA

A igrexa dunha sola planta, ten cuberta a dúas augas e espadana de dous corpos. No interior ten bóveda na nave, cun arco triunfal de medio punto sobre pilastras. Ten un retablo sinxelo e ós pés da nave un coro iluminado polo oco da fachada principal. No adro un sinxelo cruceiro con capitel formado de molduras circulares.

Ó lado da igrexa, pero xa na estrada, temos outro cruceiro no que destaca a columna con forma de tronco e nela unha imaxe de Santiago Apóstolo. Foi realizado hai poucos anos por un canteiro de Pontevedra e ocupa o lugar de outro cruceiro máis antigo que fora derrubado por unhas vacas. As pezas deste cruceiro antigo foron trasladadas, co permiso dos veciños, a unha propiedade particular no lugar do Casal de Riba. Actualmente está restaurado coas pezas orixinais salvo unha parte do capitel e a parte superior da plataforma. As figuras presentan un escaso relevo e destaca a desproporción existente entre elas e a cruz, sobre todo a da Virxe. Nunha das caras da plataforma semella haber parte dunha inscrición. No seu conxunto presenta unha semellanza co cruceiro de San Vitorio en Cambás.




O catastro de Ensenada, xa mencionado, dá conta da existencia de dez muiños: Albercorvo, Augas Rubias, Navallos, Regato da Fraga, Piñeiro, Porto Maceira, Croa, Revolta e dous no Paso de Paraiso. Hoxe están todos abandonados.

Celebrábanse feiras o 12 e o 26 de cada mes. A festa da patrona é en agosto e celebrábase tamén a romaría de Santa Lucía no mes de maio. Había outras diversións tradicionais como eran as fías, ás que concurrían mozos da mesma parroquia pero doutros incluso de outros lugares:

*“Nas fías había rapaces moi divertidos, e dicían: vamos facer o conto do mal casado; e agarraban unha corda de prender o gado e facían moitos doblos...e o da sogá ía golpeando aos rapaces e lles dicía: ¡busca muller...!, e íase (o perseguido) a agarrar á rapaza que elexía e sentábaselle nas pernas ...o que se sentara nas rodillas da moza, a ése xa non se lle pegaba e diían todos: ¡ése xa esta casado! ¡ése xa esta casado!”.*



O SINXELO CRUCEIRO DO ADRO.  
FOTO VEIGA



## Homenaxe ao compositor betanceiro Carlos López García-Picos

Carlos López García-Picos naceu na Cidade de Betanzos (A Coruña) o 19 de outubro de 1922, será o seu pai, José Antonio López Picos, o que o inicia nos seus estudos musicais e na interpretación do requinto (xa que non lle alcanzaban os dedos para tocar o clarinete) nunha pequena orquestra de seis instrumentos de vento coa que percorría a comarca betanceira amenizando as súas festas. Posteriormente, ingresa na Banda Municipal de Betanzos, circunstancia que coincide co inicio da Guerra Civil durante a que o seu pai viúse na obriga de emigrar a Arxentina. Tamén el embárcase hacia Arxentina en febreiro de 1940 onde inicia a que el mesmo definiu como “segunda etapa da súa vida”.

En 1946, aproximadamente, faise cargo da dirección da *Coral Polifónica Os Rumorosos do Centro Betanzos* de Bos Aires, cargo que desempeñou durante máis de trinta anos. Paralelamente, estudia harmonía co profesor catalán Lorenzo Serrallach e composición co maestro ruso Jacobo Ficher, alumno e traductor dalgúns tratados de Rimsky-Korsakov.

En 1956, estrea no Teatro Colón de Bos Aires o ballet *La farsa de la búsqueda*, que compuxo en colaboración co seu compañeiro de estudos Emilio Terraza. O éxito desta estrea valeulle a obtención dunha beca da Embaixada Cultural de Francia en Bos Aires que lle permitiu embarcarse hacia París ese mesmo ano, iniciando unha estancia intermitente na capital francesa onde continúa a súa formación musical. Alí recibiu clases de composición con Tony Aubin e Darius Milhaud no Conservatorio Nacional de París e, simultaneamente, estudiou orquestración con Pierre Wissmer e dirección de orquestra con Leon Barzin na Scholla Cantorum.

De volta a Bos Aires, en 1964, ocupa varios cargos na *Asociación de Xóvenes Compositores da Arxentina* e tras varias estreas de obras de cámara escribe a obra sinfónica *Sindy*, estreada en 1976 pola Orquestra Filarmónica de Bos Aires e que será elixida para representar a Arxentina nos Encontros de Música Contemporánea da UNESCO. Tamén é destacable a estrea da súa obra *Ra-rá* pola mesma orquestra e no mesmo escenario que recibirían un notable éxito de crítica.

O 11 de maio de 1984 regresa definitivamente a Galicia, entrando en contacto con varios xóvenes compositores galegos cós que funda en 1987 a *Asociación Galega de Compositores (AGC)* da que foi presidente durante os primeiros anos de existencia. Asemade, tamén foi membro da Xunta Directiva da *Confederación Española de Asociaciones de Compositores Sinfónicos (CEACS)*. Durante estes anos, nos que se establece definitivamente na súa localidade natal de Betanzos, desenvolve a súa etapa máis fructífera dende o punto de vista compositivo, actividade que se viu recompensada co feito de ser un dos compositores galegos máis presente nas programacións da Orquestra Sinfónica de Galicia, con varias estreas a cargo desta formación.

Falece o 23 de decembro de 2009 en Oleiros (A Coruña), deixando no seu catálogo, formado por máis 130 obras, un amplo número de obras sinfónicas, cuartetos, obras pianísticas, para violoncello e para diversas formacións camerísticas.

**Teresa López Ares  
e Javier Ares Espiño**





# Obra musical de Carlos López García-Picos

## Inventario provisional (\*)

ANO	LUGAR	TÍTULO
s.d.		Consagración de la amistad
1952	Buenos Aires	12 variaciones sobre un tema de Mozart
1952	Buenos Aires	Preludios experimentales
1953	Buenos Aires	Intervención para 4 instrumentos de viento. Transición para piano a 4 manos.
1953	Buenos Aires	Fuga nº 1 en Do menor a 3 voces (para piano)
1953	Buenos Aires	Fuga nº 2 en Do M a 3 voces (para piano)
1953	Buenos Aires	Fuga nº 3 en Mi m a 3 voces (para piano)
1953	Buenos Aires	Fuga nº 4 en Sol M a 3 voces (para piano)
1953	Buenos Aires	Cíclica (Preludio, Coral y fuga para piano)
1954	Buenos Aires	Festa (Sinfonietta para orquesta de cámara)
1954	Buenos Aires	Serenata para flauta, oboe, clarinete, fagot, corno
1954	Buenos Aires	Tres preludios (para piano)
1954	Buenos Aires	Sonata (para piano)
1954	Buenos Aires	Preludio, coral y fuga
1955	Buenos Aires	Preludio, intermezzo y fuga
1955	Buenos Aires	Preludio, Zarabanda y Fuga (para flauta, oboe, clarinete, fagot)
1955	Buenos Aires	3 invenciones (para piano)
1956	Buenos Aires	La farsa de la búsqueda. Ballet en seis actos.
1956	Buenos Aires	Suite para orquesta de cuerdas.
1956	Buenos Aires	Scherzo para trío de cañas (Oboe, clarinete, fagot)
1956	Buenos Aires	Sonata para piano.
1957	Buenos Aires	Preludio y tema con variaciones (para fl. Ob. cl. Fag. Tpa.)
1965	Buenos Aires	Diálogos 2 (dividida en 17 micropiezas)
1966	Buenos Aires	Canto do arrieiro para flauta, oboe, clarinete, fagot, corno
1966	Buenos Aires	Diálogos 3 (dividida en 17 secciones)
1969	Buenos Aires	Diálogos 1 (En 7 secciones para flauta, clarinete, trompeta, violoncelo...
1970	Buenos Aires	Travesuras a dos (flauta e violonchelo).
1972	Buenos Aires	Motivaciones 1 (para clarinete y piano)
1972	Buenos Aires	Cuarteto (nº 1 diálogos 5)
1972	Buenos Aires	Diálogos 4 (Fl. Clarinete, trompeta, V. Cello y soprano en 16 secciones).
1972	Buenos Aires	1º Cuarteto de cuerdas
1974	Buenos Aires	2º Cuarteto de cuerdas
1974	Buenos Aires	Improvisaciones (para flauta, clarinete, trompeta violoncelo)
1976	Buenos Aires	Sindy (orquesta) **
1977	Buenos Aires	Promenade (música de cámara)
1978	Buenos Aires	Motivaciones 2 (para clarinete y piano)
1978	Buenos Aires	Catorce estructuras (para piano)
1979	Buenos Aires	Bagatelas para Luis Seoane. (Música de cámara).
1979	Buenos Aires	Ra-Rá (piano e orquesta)
1979	Buenos Aires	Elegía para un amigo (para orquesta de cuerdas)
1980	Buenos Aires	Elegía para un soldado (para timbales y orquesta de cuerdas)
1980	Buenos Aires	Nansen (poema para orquesta sinfónica)
1981	Buenos Aires	Espectros heterogéneos. Estudio fantasía para orquesta sinfónica.
1981	Buenos Aires	Lume-ca (Sinfonía festiva para orquesta sinfónica)
1983	Buenos Aires	Marsya. Estudio fantasía para orquesta.
1984	Ribeira	Moni-tonadas (música de cámara)
1984	A Coruña	Josi-tonadas (música de cámara) ***

\* Agardando unha catalogación definitiva da obra do noso compositor, presentamos nesta homenaxe ao mesmo un inventario necesariamente provisional da súa ampla obra. A relación de obras baséase nos datos existentes no Arquivo Municipal de Betanzos e, ate 1988, no traballo de Xoán M. Carreira publicado no *Anuario Brigantino* 1988, nº 11, baixo o título "Interferencias sobre Carlos López-García".

1984	Betanzos	Obertura ciclópea (piano e orquestra)
1986	Betanzos	Fascc 1. Elegía para un amor (para orquesta de cuerdas)
1987	Betanzos	Fascc 2. Sinfonía pasional (para gran orquesta sinfónica)
1988	Betanzos	Tercer Cuarteto de cuerdas.
1988	Betanzos	Secuencias-extratónicas o enredando-co-sol (piano)
1988	Betanzos	Rondó caprichoso (para flauta, oboe, clarinete, fagot y trompa)
1989	Betanzos	Interferencias nº 2 (para violonchelo)
1989	Betanzos	Interferencias nº 3 (para violonchelo)
1989	Betanzos	Cuarteto de cuerdas
1989	Betanzos	Estudio para un alumno (para piano)
1989	Betanzos	Concierto para trompa y orquesta de cuerdas
1989	Betanzos	Trío (para vl. Vla. Vc.)
1990	Betanzos	In memoriam. Poema elegíaco para orquesta sinfónica
1990	Betanzos	Estudio nº 2 (para piano)
1990	Betanzos	Cuarteto de cuerdas
1990	Betanzos	Seis pequeñas piezas infantiles (en sol menor para piano)
1991	Betanzos	Sortilegios para orquesta de cuerda
1991	Betanzos	Invención (allegretto para 4 instrumentos de viento)
1991	Betanzos	Cuarteto
1991	Betanzos	Variantes para piano
1991	Betanzos	Sinfonía da pedra (poema sinfónico para orq. Sinfónica)
1991	Betanzos	Cinco monodias y un epitome (para violoncelo solo)
1992	Betanzos	Catorce extractos caleidoscópicos y un epitome para piano.
1992	Betanzos	Visiones cósmicas y un interludio (para piano)
1992	Betanzos	Himeneo a dos (para violonchelo y bajo)
1992	Betanzos	Adagio elegíaco (para orquesta de cuerdas)
1992	Betanzos	Trío de cuerdas (violín, viola, violonchelo)
1993	Betanzos	Cuarteto de cuerdas
1993	Betanzos	Canto elixíaco para violonchelo. Homenaxe a Eduardo Blanco-Amor
1993	Betanzos	Lili-Kar (poema sinfónico "Historia de un amor")
1994	Betanzos	Canto lúgubre
1994	Betanzos	Oracións para unha amizade (para orquesta de cordas)
1994	Betanzos	Cuarteto de cuerdas
1994	Betanzos	Tocata ecolóxica (para piano)
1995	Betanzos	Cuarteto de cuerdas. Cuarteto festivo
1995	Betanzos	Requiem por Gerardo
1995	Betanzos	Fantasia ecolóxica (para orquesta sinfónica) ****
1996	Betanzos	Xogos infantís (Díptico para piano)
1996	Betanzos	Cuarteto de cuerdas
1996	Betanzos	Felicidad (poema sinfónico)
1997	Betanzos	Oda a meus pais para orquesta de corda e timbais.
1997	Betanzos	Para Susiña (piano)
1997	Betanzos	Concierto para trompeta y orquesta
1997	Betanzos	Cuarteto de cuerdas
1997	Betanzos	Xogando con abalorios e algo máis (para piano)
1997	Betanzos	Suite para violín solo
1998	Betanzos	Cuarteto de cuerdas
1999	Betanzos	Elegía para un mártir
1999	Betanzos	Cuarteto de cuerdas
1999	Betanzos	Cuarteto de cuerda
1999	Betanzos	Bagatelas y un canto de amor (para piano)
1999	Betanzos	Inmortalidade (sinfonía en tres movimientos)
2000	Betanzos	Concierto de la amistad (para oboe, orqu. de cuerdas y timbales)
2000	Betanzos	Sonata de primavera (para piano)
2000	Betanzos	Oda a Castelao (para orquesta sinfónica)
2001	Betanzos	Obra sinfónica titulada Un genio en el cosmos
2001	Betanzos	Concierto para piano-fagot, cuerdas y percusión
2001	Betanzos	Jugando con el piano

2002	Betanzos	Trío de cuerdas
2002	Betanzos	Cuarteto de cuerdas
2002	Betanzos	Elegía
2002	Betanzos	Allegro festivo para violonchelo
2002	Betanzos	Dialogando con el piano
2002	Betanzos	Cuarteto de cuerdas
2002	Betanzos	Orquesta de cuerdas y timbales. Elegía
2002	Betanzos	Estudio pianístico
2003	Betanzos	Obra pianística
2003	Betanzos	Cuarteto de cuerdas
2003	Betanzos	Obra para violonchelo y piano
2003	Betanzos	Cuarteto de cuerdas con guitarra
2003	Betanzos	Sinfonía
2003	Betanzos	Sinfonietta Atonal
2004	Betanzos	Sinfonía
2004	Betanzos	Quinteto de cuerdas con flauta
2004	Betanzos	Cuarteto de cuerdas
2004	Betanzos	Obra
2005	Betanzos	Cuarteto con flauta
2005	Betanzos	Obra pianística
2005	Betanzos	Cuarteto de cuerdas
2005	Betanzos	Obra pianística
2006	Betanzos	Obra
2006	Betanzos	Obra sinfónica
2006	Betanzos	Cuarteto de cuerdas

\*\* Seleccionada en 1979 para representar a Argentina nos Encontros Internacionais de Música Contemporánea (UNESCO)

\*\*\* Estreada en 1986 no Centro de Arte Reina Sofía, Madrid, polo LIM de Jesús Villa-Rojo.

\*\*\*\* Estreada pola Orquesta Sinfónica de Galicia na Coruña o 16-XI-1995

X.M.V.M e X.T.R



CARLOS LÓPEZ EN 2008 (FOTO PILAR VÁZQUEZ) E NA MOCIDADE (ARQUIVO MUNICIPAL DE BETANZOS).

# Conversas co compositor Carlos López García

## Os anos da Madalena (1922-1940)

Xuxo Torres

Comezando o ano 2001 mantiven co compositor Carlos López García unhas conversas na súa casa de Betanzos que foron gravadas en cinta magnetofónica. Hoxe, logo da súa desaparición física no pasado decembro, procedo a transcribir a parte que corresponde aos seus primeiros anos vividos no barrio da Madalena en homenaxe á súa memoria.

*Estamos na casa de Carlos López García, o amigo Chapa. Hoxe é 18 de xaneiro de 2001 e imos falar un pouco da súa infancia, das súas orixes.*

– *Carlos, ti naciches o 19 de outubro de 1922 no barrio da Madalena de Betanzos.*

– Exacto.

– *Fálame un pouco da túa familia, das orixes, da túa nai, teu pai, de onde proviñan...*

– Boeno, de onde proviñan, pois meu pai naceu en Betanzos, aquí na rúa dos Ferreiros e miña nai Lela na Madalena. Despois meus avós: unha avoa era de Betanzos pero meu avó era de Oleiros, de Montrove, que se chamaba Carlos García Agra. Despois teño outro avó que era de Lugo, que se chamaba Pedro López Pimentel, ese é o paterno, e miña avoa, a muller do de Lugo, debía ser dunha aldea de por aquí, de Cuiña, ou por aí, non recordo, pero pódoo averiguar. Cando eu nacín meu pai tiña 26 anos, porque meu pai tivo que emigrar a Cuba...

– *De solteiro?*

– Si, foise de solteiro, pero xa cando se foi tiña unha filla porque creo que meu pai tiña 36 anos e tiña nove fillos e viña o décimo. O médico revisou a miña nai e díxolle que tiña que abortar porque tiña o perigo de que morrese. Eramos nove, con ese que ia a nacer seríamos dez. Cando meu pai se foi para Arxentina tiña corenta anos, e meses, non?, pero era moi xove todavía. A min parecíame un vello, por suposto, porque eu era un chavaliño.

– *E ti que lugar ocupabas?*

– O terceiro, sí, porque era Carme, que aínda vive e ten o mal de Alzheimer, eu fun a Buenos Aires hai cinco anos e non me coñeceu. E despois Fina.

– *Teu pai era músico da Banda Municipal de Betanzos?*

– E eu tamén fun! Cando meu pai se foi no ano trinta e sete eu ocupei a praza del ata o ano corenta, que me fun para Buenos Aires. Eu saín daquí en febreiro do ano 40.

Meu pai (José López Picos) tocaba o clarinete. Eu na banda tamén toquei o clarinete, a trompeta pouco me durou porque os labios sempre os tiña enfermos, despois collín un trombín, unha especie de bombardino en mi-bemol pequeno, que saía cando estaba Pariente, ata que renunciei porque tiven que marcharme a Argentina. Meu pai foinos levando a todos menos ás mulleres, que era diferente as mulleres dos homes.

– *E xa vos foi chamando aos maiores.*

– A tódolos maiores antes de cumprir 18 anos porque senón despois non podían irse ata despois de cumprir os 40. Non sei se era verdade, pero era o que escoitaba eu, que era un cativo. Boeno, seguín na banda. Despois cheguei a Buenos Aires e encontrei unha cidade marabillosa.

– *Ben, desa etapa falamos despois, máis adiante. Ti que recordos tes da Madalena, do barrio onde naciches? Ti criacheste alí.*

– Claro, ata os 17 anos que me fun, sempre. Xusto na volta, á dereita, enfrente da galería dos Etcheverría, que alí había unha forxa tamén.

– *Ao lado dos Mouróns, por alí?*

– Non, non, os Mouróns vivían na Condomiña. Pero abaixo, despois na miña casa, cando se foron



A FAMILIA LÓPEZ GARCÍA NA MADALENA. Á ESQUERDA, CARLOS



SEIS DOS IRMÁNS LÓPEZ GARCÍA. CARLOS Á DEREITA.

todos, pois miña nai foise no ano 1951, non?, aí o Roxo e o Mourón, que xa morreu, foise para esa casa nosa. Aí nacimos todos. No número 22 da calle da Madalena. Enfrente estaba a galería dos Etcheverría, que aínda a tiraron agora. Alí vivíamos nós.

– *Acordas algo de cando veñen as tropas na guerra? Porque baixaron por alí, pola Madalena, viñan da Coruña, non?*

– Si, pero espera. Eu non estaba alí en Betanzos. Cada casa cerraba as portas e escaparon para todos os lados e nós fumos para onde está a de Etcheverría, onde está a torre esa alí enriba das leiras [*refírese a Illobre*]. Estábamos alí varias familias. Andaba o Xordo, o da Maruja, que vive na volta alí, que se casara con aquel que fora garda civil, o Pedro...

– *Sabíase xa que viñan as tropas?*

– Claro que se sabía. Xa avisaran. Algúns dos republicanos puxéronse na torre de Santo Domingo, e queimaron un pouquiño tamén a de San Francisco, pero respectaron aos cregos, aos frailes, metéronos en coche, non os molestaron para nada. Aínda non se sabe quen foi o que queimou eso. Ao mellor fano para xustificar as mortes despois, pero eso non ten sentido.

Todo o mundo escapou para a casa, colleron pan na casa, o que tiñan para levar e cousas así. E botaron unha bomba os republicanos. Ademais foron polas casas requisando as escopetas, e a escopeta que saía o tiro pola culata...non tiñan nada, ja, ja. Puxeron a bomba na Ponte Nova e fixo un buraco grande, ancho, así como todo esto

[sinala unha área determinada], para que non pasaran as tropas. Pero claro tamén podían pasar polo río, aí polo Peirau, que estaba a auga baixiña, pasaban por alí. E veu un avión, un avión de reconocimiento. E dicía o Xordo, o Xordo que era o sogro do Pedro que estivera no barco ese que moitos morreron queimados e el retirouse e tiña a cara chea de lamparóns. E dicía o Xordo: “Me cajo na Virxen, vou coller aquel pau e vouvos dar...” (*Rise*). Todo o mundo levaba o que fora, para comer porque non se sabía... Despois á noite volvimos para a casa e a miña casa estaba marcada cunha cruz, así. Varias casas marcáranas.

– *E porqué a cruz?*

– Para marca-la casa para ir a buscalos.

Ao principio, na Ponte Vella estaba a policía, os milicianos e a Garda Civil co fusil e cada vez que pasaba un de noite apuntaban. E na Ponte Nova tamén e nas Cascas tamén, ou sexa que estaba todo vixiado. Ata o meu mestre, que era o Pariente o director da Banda tamén estaba, pero... e porque o obrigaron seguramente, non?

– *A razón de emigrar de teu pai foi económica ou..?*

– Non, non, a meu pai leváronos ao cuartel da garda civil vello, non?, a el e a varios, e meu pai veu como a garda civil se portaba mal con algúns, a culatazos con algúns e tal, e daquela mandáronos ir para a casa e aos poucos días...

– *Iso que era, no 36?*

– Si, foi nos primeiros meses, dende o 36 a final do 37 cando a xente tiña medo, non?

– *El tiña algunha militancia política ou sindical?*

– Non tiña ningunha militancia política. Non, el era republicano, votou pola República, porque sabes que no 32 ganaron, non foi no 32 as eleccións da República?, gañou as eleccións a República, daquela tiñanos marcados. Meu pai tiña o taller de carpintería alí cun ventanal así e viña a xente, xente que viña a beber auga á fonte da Cangrexeira, como Joseíto Núñez e outros, viñan de tódalas ideas, eran coñecidos de meu pai e falarían de política. Eu era un rapaciño e non entendía nada deso.

– *Compartía a carpintería coa música?*

– Si, si, coa música. Do que máis vivía era da carpintería. Non era unha carpintería artística senón que facía esas tinaxes, desas tinallas para os porcos, artesas, baños para salar a carne e tablas de lavar, que se vendían os días de feira, comprendes?, era o que tiña meu pai, pedíao certa xente...

Daquela foi cando [mataron] o que lle chamabamos o Lila da Madalena, o pai deste Pepiño que vive alí na Ponte Nova, e da Aurita que ten o negocio fronte ao Liceo e sogro do Virutilla, do Roberto. Despois o Farruco o Agapito, que morreu en Buenos Aires, perseguíndoo sempre, revisando a casa del todo por aí... Eu vin cando unha noite no campo de concentración que había aí na Madalena, nos Etcheverría, aínda está a torre alí, a cheminea, a

torre esa, viñeron para alí e vimos cada espectáculo terrible. Eu teño estado na casa ás catro da mañá ao lado da cama, que non sei, durmiamos dous ou tres nunha cama sempre porque senón... meu pai tiña tantos fillos que non collíamos, e sentín un tiroteo de ametralladoras e que os traían a todos presos que os ían a matar e viñan nunhas camionetas e daí tiráronos ás leiras que había en frente á miña casa.

– *Por atrás?*

– Non, non, pola carretera, que agora está todo edificado. Aí onde está esa estrada que vai para o Carregal, esa rúa de aí, eso todo eran leiras e un regatiño que había alá ao fondo.

– *Traían os presos da fronte?*

– Presos que os levaron non sei para onde. Eles supoñían que os ían a matar e daquela empezaron a matalos a algúns aquí.

– *Sobre todo cataláns?*

– Si, cataláns, boeno había andaluces, tamén, andaluces tamén había moitos.

– *Ou sexa, que ti xa non recordas a fábrica de Etcheverría funcionando.*

– Non, funcionando non. Si, algo recordo, de curtiembre si, como fábrica. Si recordo algo. Xa non teño tanta memoria para acordarme exactamente. Eu nacín no 22 e aínda había algo deso porque aí pasábase para a nosa leira e a veces viamos que pasaban con carros e cargaban peles.

– *Porque o barrio da Condomiña, esas casas eran...*

– Iso din que antigamente se fixeron para os traballadores

dalí. Tamén din que antigamente, na Idade Media, aló ían a curar os leprosos, non sei se é verdade ou non, porque eu non nacera. [risas]

– *Na túa época, no barrio da Madalena había artesáns, os Mouróns estes tiñan algo de cacharrería, tiñan forno alí?*

– Si de cacharrería, si. Na Condomiña tiñan un forno que iamos nós a asar patacas, os cativos de noite, iamos ás leiras a roubar as patacas e iamos alí ao forno a asalas. E había dúas tabernas: o Casanova e o Mesoneiro, as únicas dúas que había, despois durante a época do viño...

– *A que altura viñan estando?*

– Onde está a carretera agora, que ves dereito da Coruña, sen dobrar, para as Cascas, aí estaba o Mesoneiro, que tamén se foron todos para Buenos Aires. E no outro camiño que vai cara a fábrica

esa de curtiembre ou á fonte da Madalena, aquí estaba o Casanova, a taberna, ao lado da capilla, que aínda está a casa, que é do Piqué, o Piculo que lle chamamos. Despois, o vello Mateo da Madalena, que aínda vive a Andrea, aí de vez en cando abrían [o viño do país] igual que O Fanchuco, o señor Valencia, Nunca oiches deses? – *Ti viñas á escola do Asilo ou...?*

– Non, na Madalena había algúns que foron ao Asilo, na miña casa fomos todos a San Francisco. Sabes que eu non son creente, non? E leváronos a facer a comunión, en grupo, nos obrigaban, eu non sabia a onde iamos e iamos todos alí, porque como sempre no recreo iamos, aínda vou hoxe, a beber auga á fonte de San Francisco...

Obrigábons a ir, porque se é hoxe non iría, lóxico, pero obrigáronos a todos xuntos ...e acabouse.

– *Recordas algún mestre?*

– Ah sí, foi o... como se chamaba? Chamábase o Xan Pequeno, que era tío dos da Cooperativa, de Edmundo que morreu agora, e o Quique, da familia que ten ese negocio ao lado do axuntamento, boeno. Era un tío deses; estaba casado cunha irmá da nai ou do pai. Chamábanlle don Segismundo del Bosque. Era un cabezota, gordo, así...

– *Ese foi represaliado despois.*

– Si. Morreu de pena. Correu perigo. Poque el cando veu a República dixo: “Todos aqueles que non quieran estudar relixión –porque obrigábons naquela época, antes da República me refiro– tiene que traer una notificación del padre, entonces ese

no está obligado a aprender eso.” E despois cantábase o himno galego tamén, que antes chamábase “Himno aos pinos”, ao final das clases, si. Non todos os días, non recordo exactamente; de tanto en tanto. E daquela el tivo medo, botárono, por ese motivo, pola chegada do franquismo e foi morrendo así, ata que... El tiña medo que o mataran.

– *O de Xan Pequeno era un alcume dos rapaces.*

– Si era un alcume, porque era pequeno, era cabezota. Era polos alumnos, claro si, porque aí foi moita xente de Betanzos, que morreron xa moitos deles, como os Novos... Estábamos todos nunha aula, os homes estaban na primeira, a segunda era a das mulleres. Estábamos, alí estaba o primeiro grao, o segundo, o terceiro, en grupos así, daste conta? Na dos varóns. Estábamos separados, as mulleres nunha e homes noutra.



CARLOS DE NENO CO REQUINTO.

– *Pero no edificio do Subela, no de don Jesús?*  
 – Si, de don Jesús García Naveira, si; onde está agora o Conservatorio non.  
 – *Porque nese tamén houbo escola?*  
 – Houbo escola tamén, tamén estivo a Banda aí, tamén eu estiven coa Banda aí e máis no tramo que está primeiro, despois onde estaba o Correo, que hai uns xardíns, aí estaba aparte, agora uniron todo eso.  
 – *Cando comezas a tocar?*  
 Eu aos sete anos empecei tocando, con aquelas murgas, que se lles chamaba que eran como charangas.  
 – *Pero ensinabache teu pai na casa?*  
 – Eu estudiaba na Academia municipal.  
 – *Pero os inicios dsa afección da música foi por...?*  
 – Pola Academia primeiro. Ademais, meu pai tiña alumnos que viñan todos de por aí das aldeas. Na miña casa, si. Tiña un cuartinho pequeno, así como este, que se xuntaban, total eran seis músicos e ensaiaban, entre eles varios que despois foron importantes. Meu pai ensináballes. Eu estaba alí no medio deles. Collín o requinto porque o clarinete non me alcanzaba para tocar, os dedos, non me alcanzaban os dedos. Recordo que viñera tamén..., como se chama?, o que veu de Ourense, o pai do Guillermo e eses, o Aníbal O Bo. El colleu o clarinete e eu o requinto. Ata me acordo do nome de todos, quenés éramos.  
 – *Si, e quen?*  
 – Pois, un aínda vive. A min levábanme ao colo. Mira, non vai en orde todo iso, pero mira... -*Boeno, é igual.* -O Luis o Cornán, aquel que lle cantabas eso de “Se va el Cornán, se va el Cornán, se va para la Argentina...”, tocaba o baixo; o trombón tocábo o Cacheiro, o Cacheiro da Graña que aínda vive, ten 93 ou 94 anos, eu vouno a ver cada tanto alí, si; despois había un vello de Sada que era o Panchón, xa tiña máis de 80 anos, tocaba o clarinete. Creo que era abuelo do Vituco, aínda o vin aí no Maino unha vez e pregunteille: vosté é de Sada? Si e conteille: “Si, ese era meu abuelo!”. Morreu pronto, ademais, o clarinete, xa non tiña dentes e mamábo e xa nada. Despois veu o Aníbal, colleu o clarinete e eu o requinto, Despois o Tomás o Cornán, o irmán do Luis o de “Se fue el Cornán, se fue el Cornán...”, ese tocaba a trompeta; despois o colchonero, o Antón o Villarnovo tocaba o saxofón e, boeno, O Cacheiro, xa cho dixen, o trombón. E despois... non porque eramos seis, xa chos nomeei a todos. Recordo que unha vez fumos tocar a pé, eh, a pé, ata San Paio de Vilacoba.  
 – *Que hai uns 14 quilómetros...*  
 – Non sei, iamos a pé. Xeralmente cando había moito traballo deso era nos Carnavales. Despois viñamos de volta, viña un taxi a buscarnos e tocábo na Camelia, que era no Alfonsetti, antes levantábase o piso e facíase o baile alí. Pero hai

unha anécdota moi importante: lamos tocar a San Paio de Vilacoba e tiñamos por costume, que se toca unha peza, pero ten un nome que non sei como se chama, para abrir o espectáculo sempre tocábo ese, que era o himno internacional, “larán, larán-larán-larira”, e como final tamén, como característica. Entonces iamos camiñando chegando a Vilacoba e vemos que veñen a cabalo dous garda civiles, un á esquerda e outro á dereita. E daquela, o Tomás, que foi o que fusilaron, tiñamos na partitura o título desa obra, a Internacional, e daquela dixo, “esperade un pouquiño que ven a garda civil”, e fixo que ia facer as necesidades a unha leira de mainzo que había alí e rompeulle o título a esa obra por se nos paran e revisan algo, se non ven o título e só a música non entenden nada, daste conta?  
 – *Iso era antes da República entón?*  
 – Antes da República, si, pero pouco antes, non sei se sería no ano 29 ou 28...  
 – *Tiñas sete anos, logo?*  
 – Por aí, non che digo que me levaban que eu non podía camiñar tanto. [rise]  
 – *Iso era un antecedente das orquestras?*  
 – Claro, porque antigamente só había gaiteros e esas cousas.  
 – *Contratábanvos para as festas?*  
 – Si naquela época estaban os Rambales, os Barrales os Panchós de Sada, había moitos deses, antigamente. Despois co tempo empezaron xa a poñer micrófono, o jazman tamén e as baterías, e todas as cousas, antes non había nada, nin cantante.  
 – *Nesa murga teu pai non ia?*  
 – Non, non, meu pai ten ido de vez en cando, eu teño ido con el. Por exemplo, músicos da banda como eran o Lorenzo, o Panchito, o maestrillo co baixo, meu pai co clarinete, o Antón o Cornán, o Fuentes, o pai desta que ten os negocios agora, ese tocaba tamén o saxofón. Xuntaban un grupo de cinco ou seis e ían tocar a Guísamo ou a calquer lado e sempre e traían unhas 8 ou 10 pesetas cada un que naquela época eran pesetan que valían. Agora a cousa máis trágica para min foi o primeiro ano de guerra civil. Porque eso foi terrible. Eu funme para Buenos Aires sin coñecer o que era un bisté. Na miña casa pasáramos unha fame negra. Porque meu pai foise e aos dous días de irse viñeron a buscar á casa a garda civil pero xa embarcara en Lisboa. Pero aquilo era terrible. Vimos cada asasinato que daba medo. Cando mataron a un na canteira de Ribalta, onde está a ponte do ferrocarril indo para Miodelo, alí había unha canteira, os cativos iamos todos alí a ver o cadáver dun home todo desfeito. Así que non houbo paz ningunha, sempre había temor e meu pai cando o levaron ao cuartel da garda civil deuse conta e falou con miña nai: “Vaite, vaite, Pepe vaite, vaite, vaite”. Meu pai xa tiña alí unha irmá miña,

que se fora aquí aos doce ou trece anos ou así, fórase no ano 32, e tamén tiña unha irmá, e despois tiña a tía, tiña cuñadas... había familiares. Tiñano que reclamar, daste conta? E daquela meu pai foinos levando a todos.

As familias que se foron da Madalena enteiras!

Hai casas que quedaron desfeitas, emigraron todos para a Argentina. Valeiras, si, si, vacías. Casas vellas que quedaron aí. Outros fóronse despois para Europa, como creo que os Arangeses e algún así.

– *En xeral, era un barrio pobre, non?*

– Si, había, mira, podía haber dúas ou tres familias que vivían máis ou menos ben, como os Pistos, os Fanchucos, o Casanova. Había catro ou cinco casas que si, pero sempre da terra, porque os Pistos foron escravos sempre da terra.

Pero o temor foi político, non? Porque imaxinate, miña nai queda alí con seis, sete fillos solos, porque cando se foi meu pai xa morreran dous, morrera o noveno que era Joseíño que tiña once meses ou un ano, de meninxite, e ao ano seguinte, a principio do 37 morreu Teresiña, que daí ten o nome a miña filla de Teresa, que lle puxen o nome dela, e tiña 7 anos, tamén lle atacou esa enfermidade, a menenxite, e morreu. Pero meu pai, ata non foi ao velatorio, non se quedou na casa por temor a que o viñeran buscar, porque meu pai tamén se foi a principio do 37 máis ou menos. Estivo alá, mandaba cartos de vez en cando, mandaba roupa e foi cando mandou os cartos para pagar a miña pasaxe e irme, máis o de miña irmá Fina que aínda vive.

– *A Academia de música comezaches a ir aos 7 anos*

– Si, xa antes.

– *E onde estaba?*

– Estivo en varios lados, eu xa non recordo exactamente, porque a primeira vez estivo fronte ás escolas de San Francisco; despois estivo tamén onde puxeron o Bar Chirri, ese que estaba aí no Liceo, o primeiro, que se viñera abaixo cando caera, aí tamén estivo unha temporada; despois estivo unha temporada abaixo onde se vendía o sal aí na Ponte Vella, no porto da Ponte Vella, fronte ao Kiko, por alí, estivo tamén, e despois onde máis estiven foi onde está Facenda agora, nos soportais da Praza.

– *Quén vos daba as clases?*

– As clases era Atanasio xeneralmente. Era músico da banda, era o mellor clarinetista que había, que viñera xa maior, estaba tuberculoso. Que se casou cunha que era mestra, unha señora que, como se chamaba? que foron moitos, ata ao mellor ti fuches a estudar con ela, De Paz, pode ser?

– *Valle de Paz?*

– Si, non sei se era ese nome, pero a muller era mestra. El creo que era de Pontedeume ou de Ferrol porque estivera nunha banda de Ferrol e veu.

– *Ningún irmán teu se dedicou á música?*

– Non, ningún se dedicou á música. O Rodrigo, si, empezou, pero meu pai púxoos para vixiarme a min,

para que non faga a lata, pero el era máis lateiro que eu e daquela...

– *E ingresas na Banda ao marchar teu pai?*

– Claro, si. Está aí un libro que escribiu Julio Cuns sobre a Banda, aí che aclara todo eso.

– *O director era Víctor Pariente, non?*

– Si, sempre foi Víctor Pariente, creo que chegara aquí no ano 30 con trinta anos, era xove aínda. E foi cando eu estiven aí na banda. Despois, o que máis enseñaba era Atanasio, iamos ás tardes, era o que nos ensinaba.

– *¿Cantos membros érades daquela na Banda?*

– Non che sei, non recordo, cando eu tocaba eramos poucos, seríamos 16 ou 18, como máximo, non chegaba.

– *Cobrabas daquela 240 pesetas...*

– Algo así, pero eso sería ao ano.

– *Ao ano, anuais, eso é o dato que aparece aí...*

– Non era nada, pero boeno era algo. Despois eu, se ia tocar por aí con conxuntos e traer cinco pesetas á casa, miña nai compraba fariña e dábanos pan. O pan, había que pechalo, había que pechar o pan!; miña nai poñíao nun alto, nun atado que tiña posto arriba, pero meus irmáns poñíamonos un enriba do outro e collíamolo. E daquela a pechar o pan!, unha miseria terrible. Se che digo que nós tiñamos dúas leiriñas para poñer patacas e de vez en cando miña nai..., esto non é mentira, esto é realidade, cocía as patacas para os porcos, poñía as pelos e pataquiñas pequenas, botaba aquel couso, como se lle chama aquela fariña que se lle botaba aos porcos, o salvado, e todas as cousas, pero pobres porcos!, morrían coa fame porque comíamos nós as patacas. É terrible, terrible, terrible. Así que a España eu non lle debo nada. Home, aínda hoxe. Eu cheguei a Buenos Aires o 2 de marzo do ano 40. Os últimos que se foron, miña irmá Consuelo, Ricardo e miña nai, eses chegaron alí no ano 51.



A CURVA DA MADALENA. Á ESQUERDA A CASA DE CARLOS.  
FOTOS ARQUIVO MUNICIPAL DE BETANZOS



# A importancia da regueifa

Moncho do Orzán

Unha das habilidades máis fermosas do ser humano é a improvisación. Non só é un recurso imprescindible decote, senón que as máis das veces asombra por ser tan áxil e creativa. De xeito inherente, vive nas culturas de todos os pobos, onde moitos deles xa a transformaron en arte. A arte da improvisación aparece sempre asociada a outros xéneros culturais e resulta ser a fonte principal de creación colectiva. Un torrente de ideas que, a modo de peneira, garda no imaxinario común aquelas composicións que máis gustan, mentres que o resto marchan por onde viñeron.

Dentro das múltiples formas en que se presenta, a improvisación oral é a máis estendida por razóns lóxicas de dominio da linguaxe. Tamén dentro da oral, as variantes cóntanse por centos, xogando con elementos como a rima, métrica, o léxico, as aliteracións... Na nosa Terra a improvisación máis coñecida e estendida é a regueifa, aínda que existen variantes como os brindos ou as loias, todas elas baseadas na rima.

O seu uso máis estendido era nos casamentos, onde se celebraba un baile co pan de vodas: a regueifa. Con todo, cremos que esta arte naceu nas fiadas, muiñadas, mallas, seráns, foliadas... festas colectivas onde os veciños sacaban cuartetos a oito, e daí ao desafío hai unha estrada seguida. Aquelas coplas de máis éxito ficaban no maxín e viaxaban de aldea en aldea, moitas delas chegando ata nós. Case de certo que algunhas das máis soadas naceron en regueifa:

“Vai calando, vai calando  
cara de cañoto seco  
vai calando, vai calando,  
que contigo non me meto”



CELESTRINO E CALVIÑO DE TALLO. FOTO G.E.G.

“Arriba pandeiro roto,  
abaixo manta mollada,  
que onde estamos as mulleres  
os homes non valen nada”

“Unha noite me colleron  
nunha fiada de la(n)  
unha noite me colleron  
outra non me collarán”

A regueifa xa foi tomada en consideración e posta en valor co nacemento dos Coros Galegos. No primeiro terzo do século XX, estas agrupacións levaron aos teatros e campos da festa loias e regueifas con idea de dignificar este patrimonio colectivo. Sobre a escena dous regueifeiros: Xosé Cao da Artística de Vigo e Xan Pena de Cántigas da Terra. Deste último sabemos que aprendeu esta arte asistindo regueifas tradicionais, especialmente na zona de Bergantiños.

Nesa Terra dase tan ben a regueifa como o pan ou as patacas. Así, en tempos máis recentes, é de xustiza lembrar a xenial mestría dos bergantiñáns Costa de Xaviña, Calviño de Tallo, Celestrino de Leduzo (Cerqueda) e tantos outros que xa non están entre nós. E os que aínda reparten moita alegría: Fermín da Feira Nova (Coristanco), Guillermo da Rabadeira e Antonio e Suso de Xornes. Eles están a colaborar coas asociacións para levar a regueifa aos máis novos nas escolas, presentándoo como un legado dos nosos maiores divertido e enxeñoso. Tamén por todo o País regueifan Pinto d’Herbón, Trioliro Regueifeiros (Luis O Caruncho, Benito Lobarías e Josiño da Teixeira), Xurxo Souto... e cada vez somos máis os que nos sumamos a esta arroutada creativa. Mesmo en Valadares crearon unha escola de regueifa que está a formar unha excelente canteira.

Eis a liña de traballo que nos cómpre. A vida dunha cultura e, por ende, a do pobo ao que pertence mídese polo estadio de creación anónima. Sen dúbida, a regueifa ten que ser a nosa banda sonora no día a día. Na taberna, paseando, no mercado, agardando o bus... calquera lugar é propio para regueifar e sermos poetas e protagonistas da invención colectiva.

“Por hoxe xa me despido,  
cunha regueifa das miñas:  
vivan sempre os d’A Xanela,  
e a bisbarra das Mariñas!”

# Excalibur ou a hora dos ferreiros

Manuel B. Dans

Que se pode dicir de novo, a estas alturas, respecto da historia da espada Excalibur e dos personaxes que se moven ao seu redor que non se dixera xa? Falar do Ciclo Bretón xa cheira, polo que botarlle unha nova ollada é expórse á canseira do lector. E, porén, da mítica espada parece que ninguén entendeu aínda o seu verdadeiro significado: son as consecuencias de interpretar os relatos lendarios literalmente, ao pé da letra, no canto de traducilos coma metáforas, arte que fai da lectura da mitoloxía un labor complicado e fascinante ao mesmo tempo.

Cando se fala de arrincar a espada da pedra que convertirá en rei a quen o acade se nos está a dicir, en realidade, que acadará o liderazgo aquel que “extraiga”, que “obteña”, que “consiga” unha espada a partir do mineral de ferro da pedra que deixe obsoletas as outras armas, que serían de bronce, e lle outorgue primacía ao pobo do novo rei-ferreiro. A morfoloxía da palabra EXCALIBUR estánolo a revelar diafanamente: o antigo EXCAL- parécese moito ao moderno STAHL xermánico, que significa “aceiro” (ferro enriquecido con carbono); e -BURN equivale a “nacido/a”, dos que resulta “feita de ferro”, un nome ben estraño para unha espada se partimos da base de que tanto na Idade Media coma na Antigüidade todas estaban elaboradas con este metal: normalmente, cando lle dámos nome a algo, o que queremos é salienta un feito distintivo do obxecto bautizado que o singularice dentro do seu xénero, non subliñar unha obviedade común a todos. De aí que se poida concluír que Excalibur foi a primeira espada coñecida forxada en ferro, o que significa tamén que no seu día se considerou unha arma sagrada, xa que os primeiros artilluxios deste met-



al que a Humanidade empregou procedían ao principio, non das entranas da terra, senón dos meteoritos caídos do ceo, a famosa “pedra de raio” ou ceraunia da mitoloxía galega. No libro de Anne Ross “Druídas, Heroes e Deuses da Mitoloxía Celta” aparece ilustrada unha nova versión da lenda que reforza esta tese, cando observamos a un mozo Arturo arrincando Excalibur dunha zafra (o bloque onde o ferreiro malla o metal cando aínda está quente) e non dunha rocha no medio da fraga, imaxe que con máis frecuencia chegou a nós mercé ás obras cinematográficas que trataron a temática artúrica.

## Os ferreiros como alquimistas

Excalibur é unha espada máxica porque tronza con facilidade as armas de bronce inimigas, partindo espadas e fendendo elmos e escudos, e a súa materia procede das estrelas, dos deuses. No medio camiño, entre o divino e o humano, está o ferreiro transformador, unha das figuras máis interesantes e esquecidas do mundo antigo. Como aseguran atinadamente os autores do valiosísimo “Diccionario dos Seres Míticos Galegos” o do ferreiro era un oficio sagrado “considerado privilexio de reis e deuses, ou sexa, do Outro Mundo e dos que teñen trato con el (...) O ferreiro é deus, mago e alquimista. E precisamente por iso un ser maldito.” En términos semellantes describen os ferreiros os cristianizados contos da tradición rusa, onde obteñen o seu temible poder dos seus tratos co Demo en persoa. Pero os vikingos, que aínda no séc. X non son cristiáns, non falan do maligno, senón dos deuses, polo que son estimados máis ca calquera outro traballador



na súa xerarquizada sociedade guerreira. Non é de estrañar, logo, que na mitoloxía grega sexa a ocupación dos laboriosos e sabios cíclopes, dirixidos polo deus máis enxeñoso e creativo de todos: Hefestos.

O portador de Excalibur ben puidera tratarse dunha antiga divinidade céltica chamada Artaios, un nobre antepasado, mitificado, que a introduciría nalgún lugar de Europa e lle daría o seu dominio aos pobos celtas que, grazas ao ferro, chegaron nos seus velozes carros de cabalos deica ao norte da India e mantiveron a raia os belicosos pobos xermánicos.

### O misterio do Lago

O Arturo literario e o Artorius histórico non serían máis ca lembranza reanacida por similitude onomástica daquel antigo deus e da súa curiosa relación coa auga doce: segundo T. Malory (séc. XIV) na súa "Morte do Rei Arturo", no momento previo ó seu deceso, acontecido na batalla de Camlan, Arturo ordéalle a un seu guerreiro que guinde a espada máxica a un lago de augas claras; cando Bedivere obedece observa como emerge das augas unha man feminina que apreixa a espada, a brande e se mergulla de novo con ela baixo a tona líquida. Con esta escena no maxín visitemos o museu arqueolóxico de Vilalba para levar unha das últimas sorpresas desta historia: nun apartado do edificio dedicado á Idade do Bronce na Galicia, os arqueólogos que estudaron esta época expresaron a súa extrañeza ao comprobar como todas cantas espadas de bronce atoparon descansaban no leito dos ríos e lagos: pensaron en naufraxios de pequenos barcos mercantes, mais, se así era, por que non aparecían

outros obxectos que irían abordo canda as espadas, como restos de cerámica ou a propia áncora do navío, por exemplo? Ao cabo chegouse á conclusión de que o asulagamento destas armas obedecía a un ritual relixioso. Ignórase se os arqueólogos que fixeron estes descubrimentos tiveron presente a lenda artúrica durante as súas pescudas, pois resulta moi útil mesturar varias disciplinas do coñecemento para aproximarse á verdade ao longo dunhas excavacións. Tamén é certo que as espadas aparecidas eran de bronce, non de ferro, mais aquel metal tamén supuxo no seu día unha revolución tecnolóxica respecto da anterior Idade do Cobre, ao fundir con el estaño. Asimesmo, as espadas de ferro se seguiron deitando nas augas


até o mesmo séc. XIX, coma no caso do xeneral liberal Mina, que se mergullaba cada cabodano do seu pasamento nas augas da ría de Betanzos-Sada para honrar a súa memoria.

É difícil interpretar o fundamento relixioso que vencellaba as espadas coa profundidade acuática, aínda que cómpre non esquecer que no noso país non existe lagoa que non fose antes unha cidade asolagada, unha pequena Atlántida, o mítico continente do que moitos relatos lendarios remiten a procedencia dos primeiros ferreiros, de xeito que así se lles retornaría a espada coma unha especie de préstamo. E tamén, nestas cidades malogradas, a única supervivente adoita ser unha moza convertida nunha serea ou muller mariña: a dona do lago?



ARTURO RECIBINDO EXCALIBUR.  
DEBUXO DUNHA EDICIÓN INGLESA.

## Os Caneiros do chileno Augusto d'Halmar



Augusto Goemine Thomson, coñecido literariamente como Augusto d'Halmar polo apelido do seu bisavó materno, naceu en Valparaíso en 1882. Ficou orfo aos dez anos e moi novo dedicouse ao xornalismo.

Xunto con outros compañeiros fundou a Colonia Tolstoyana en 1904, fallida experiencia frecuentada por pintores, escritores e escultores do país, e que se propuña ensinar a vivir o goce libre da natureza no sur de Chile. Desempeñou cargos consulares na India e Perú. Viviu en Franza, onde foi corresponsal de guerra, sendo ferido e condecorado polo goberno francés. Ao rematar a guerra europea veu a España, onde permaneceu ata 1934, colaborando durante quince anos na prensa española.

Publicou poesía, teatro, libros de viaxes e sobre todo novela: *Juana Lucero*, *La sombra del humo en el espejo*, *Capitanes sin barco*, *Pasión y muerte del Cura Deusto*, considerada a primeira novela en lingua española que trata o tema da homosexualidade.

De regreso ao seu país natal, defendeu alí a causa da República española, simpatizando con posicións de esquerdas. Foi o primeiro galardonado co Premio Nacional de Literatura creado en Chile en 1942.

Na súa etapa española adoitaba veranear na Coruña e foi amigo de galegos como Blanco-Amor e Suárez Picallo. Este chamoulle “Gran Señor da Palabra; Mestre inxente da graza do noso Verbo: Oteador amoroso das nosas paisaxes” en fermosos artigos necrolóxicos escritos en Chile. Nun deles lembra unha fermosa anécdota de cando o chileno vivía na Coruña.

Augusto morreu en Santiago de Chile a comezos de 1950. Para o seu epitafio escribiu esta frase: “Non vin nada, agás o mundo, nada me pasou, senón a vida”.

César González Ruano, compañeiro seu no xornal madrileño *Informaciones* dixo del: “Era un tipo moi impresionante, alto e distinguido, de cabelo branco e aire un tanto diabólico. Levaba con el a todas partes a un rapaz que era seu amigo e co que decía estar tan identificado que cando lle doía a cabeza mandaba ao rapaz que se tomase a aspirina”.

Este texto que reproducimos en versión galega publicouse en *Alma Gallega* (Montevideo, novembro de 1927) e, posteriormente, en *La Voz de Galicia* (16 de agosto de 1952) cun párrafo de menos. Nos dous aparece incorrectamente o apelido do autor sen hache. O segundo parágrafo suprimiuse no xornal coruñés polas alusións a Rusia, ás tradicións de democracia e anxeio de liberdade dos tres pobos ibéricos citados e a alusión ao seu carácter diferencial. En realidade, este parágrafo non ten moita relación co resto do artigo e a censura aproveitaría doadamente a circunstancia.

D'Halmar canta a paisaxe luxuriosa e a ledicia primixenia dos Caneiros, celebración panteístas na que se encontran todas as xeneracións de betanceiros e na que o chileno trotamundos quere encarnar a representación de todos os expatriados. [X.T.]

## Betanzos

**Augusto d'Halmar**

O panorama desta cidade ollado dende o tren ten unha silueta pintoresca de praza fotificada que semella case preparada para unha decoración medieval, e chega a parecernos ate anacrónico que hoxe moren nela seres dos nosos días.

Mais esta é, en suma, a perpetua sorpresa de España, tan vella como país e como raza tan xove, por unha incompatibilidade que acaso unicamente Rusia conciliou como ela eque asigna ás dúas portas orientais de Europa: a de Asia e a de África, un porvir non menos persistente que o seu pasado. Latir non só coa hora que transcorre,

senón presentindo a que vai sonar, cobra sabor de eternidade cando se vive nestes dominios do pasado; Galicia, menos que Cataluña, pero máis que Vasconia resérvanos esa sensación. E como estes son os únicos tres pobos españois que teñen tradicións de democracia, masas corais e anxeios de liberdade, sería cousa de preguntarse que lazo oculto os une.

Betanzos é toda a cidade con toda a campiña e as rías, e nisto os máis humildes burgos celtíberos, edificando onde era fermoso e para que fose máis fermoso, reúnen o senso arquitec-

tural dos romanos, para quen a paisaxe era complemento do monumento: casa ou casarío, e o gosto decorativo dos galegos, para quen, polo contrario, o monumento non era senón un elemento máis da paisaxe.

Unha rúa que repeita como a aba dunha montaña, con portas de cidadela, a media ascensión e, coroánda, unha virxe na súa furniña, tan vella acaso como o cristianismo occidental. Desviándonos cara a esquerda imos atopar tamén dous dos primitivos templos cristiáns: Santa María do Azogue, con columnas inclinadas como a colexiata do Sar en Compostela, e San Francisco. Aínda que sexa inútil describir obras de arte aos que non han de velas, e aínda que o sexa máis facer disquisicións arqueolóxicas, digamos a paz en que repousan baixo esas bóvedas, bañadas por unha suave luz de eternidade, os señores de Andrade e a súa parentela. Vestidos de todas armas e ostentando nelas o canciño de San Roque, Patrono da cidade\*, aqueles guerreiros semellan non agardar para porse en pé senón a que soe a trompeta. E como transcorreu un milenario\*\* dende que, coa viseira calada, reclinaron a testa sobre a almofada de pedra, e como cousa ningunha no ámbito do recinto trocou ao seu redor, poderán crer, pasados outros mil anos, que apenas si dormiron unha noite.

Imos cara a Ponte Vella e os peiraos e cara o Mandeo, onde centos de embarcacións empavesadas de follaxe agardan o intre da regata-romaría. É a festa dos Caneiros, célebre dende sempre en Galicia, e á que, de Ferrol ou A Coruña, veñen de todas partes. Eu estou certo de que no pensamento, ate do Novo Mundo, acoden os recordos de moitos galegos exiliados. E anonimamente encarno a súa representación e respirarei por eles o aire balsámico da súa ría e cortarei para eles unha florida póla destes montes: coa fouce litúrxica dos druídas, unha galla do visgo dos carballos.

Porque é festival pagán o de San Roque, San Bartolomé ou os Sampaíos, onde a natureza volve a ser templo e ara, e a ledicia a mellor ofrenda. Ledicia sensual e inocente deste pobo infantil e vigoroso, como se se vivira no seu único día das eternidades e o que se consagrou onte celebrárase hoxe, como se ha repetir mañá.

Todo é inmarcesíbel como o estilo perenne. Que importa que as xeneracións se sucedan se perdura a súa alma! Barcas cheas de fantasmas de defuntos ou de sombras de ausentes deben rozar a nosa, e nese pequeno val de Xosafat que é o couto dos Caneiros axúntanse vivos e mortos e expatriados.

En anfiteatro que á vista retrocede e se ensancha, exténdense vales e outeiros, cultivados ate a auga, cultivados ate o cumio. A veiga e a altura deixáronse conquistar e domear polo arado, e como recompensa adórnannas mazarocas e

pámpanos. O manantial milagreiro brota de todas as fragas, e a vexetación debuxada, que é a follaxe, e a esbozada, que é o humus vexetal, todo ten un verdor cristaíño de auga pérola transmutada en esmeralda, por obra e grazza da maxia de Merlín o encantador.

Cabaleiros do bosque, penetramos na súa dobre transparencia de linfa e de fronda, espellismo verde daqueles dominios. Nas terras de sede ou de aridez, como se concibe que os añoren con morriñas e saudades aqueles que aquí se criaron! Nin o andaluz nin o castelán poden sentir como os galegos a saudade da terra. Porque unicamente aquí se humanizou e fixo ubérrima, e o seu leite semella ter ese branco verdoso que é sangue e seiva dos talos e suor de rocío sobre as follas.

Unha enorme danza rústica axita o Campo dos Caneiros nunha vaga branda de remanso. É a "kermesse" que coñeceron os poboadores do Edén, antes de desertarlle para facérense albañeis da Torre de Babel e das Pirámides. Os nenos vocean en coro e trepidan en corro. E o recendo dos carneiros que se asan e o zume dos mostos que se trasegan, como un incienso de sacrificios, ascende ate este primeiro ceo, baixo, tenue e familiar, que son os ceos de Galicia.

A música das gaitas, divina canzón popular, mantén os outros ritos do canto e da danza; as dúas artes sagradas, pai e nai da alegría desta raza. Entre os meridionais tal vez atoparedes a xolda e a algueirada, entre septentrionais a pracidade xocunda, só no Noroeste de España, o simple alborozo, á vez recóndito e expansivo, un algo bendito e santo. E agora o retorno ás lanchas e o ronsel de serenatas venecianas sobor da auga que se alonxa de nosoutros mentres nós nos alonxamos dela. Deica o ano vindeiro, se Deus quer!, semellan dicirnos nun guiñol os faroliños. Deica o próximo ano se a chamiña que encerramos non abrasa antes a nosa envoltura!

\* Nota do tradutor: Os cans das tumbas medievais son símbolo de fidelidade. San Roque non foi patrono de Betanzos ata 1416.

\*\* N. do T.: En realidade serían uns seiscientos anos.



NOS CANEIROS. ARQUIVO MUNICIPAL DE BETANZOS

# As novas que nos chegan

Baraxeiro

**ESPERTAR** de **Lino García Salgado** e **Helena Robledo Muíña** é unha experiencia mixta de poesía e fotografía. Da primeira é autor Lino e da segunda Helena. Dezaseis poemas e outras tantas fotografías, ou ao revés, danlle forma a este pequeno libro, editado hai uns meses por Eira Vella na colección Xanela da Poesía. O prólogo é do escritor betanceiro Xabier López.

**OS LIBROS PRESTADOS** é a nova entrega narrativa do escritor betanceiro **Xabier López López**, xa destacado no campo da novela, quen neste ocasión compón un volume con catro relatos: "O corazón da Taiga", "A noite de Walpurgis", "Discurso do método" e o que dá título ao libro. A edición é de Editorial Galaxia, editora que cumpriu o 60 aniversario e ven editando a obra de Xabier.


**ANUARIO BRIGANTINO**, revista de investigación editada polo Concello de Betanzos, que fora fundada por Vales Villamarín en 1948 e dirixida por Alfredo Erias Martínez na actualidade, acudiu á súa cita anual acadando o número 32 correspondente a 2009. Nos seus apartados sobre Historia, Arte, Literatura, Antropoloxía..." recóllense unha chea de traballos que se completan co apartado dedicado ás entidades culturais e deportivas locais e outro dedicado aos acontecementos do ano, conformando un groso volume de 600 páxinas.


**RESTAURO, Revista Internacional del Patrimonio Histórico**, sacou o seu nº 7 arredor de temas de conservación, restauración e rehabilitación do patrimonio. A revista, dirixida polo betanceiro Juan María García Otero, está aveciñada e impresa en Betanzos. Entre os traballos incluídos neste número hai dous que fan referencia a Galicia: un sobre a obra de Man de Camelle e o seu legado e outro sobre o mosteiro de Monfero. Con este número distribúese tamén en separata o texto titulado **SABER MIRAR** "Cuento para niños y adultos", da autoría do propio director da revista, **Juan María García**, que pretende aleccionar no interese pola conservación do patrimonio, e con ilustracións de Natalio Arnos.

**QUE QUEDE QUEN O CONTE**, subtítulo **Panfleto de testemuña e defensa do mundo rural galego** sacou o número 5 no pasado mes de abril baixo o lema "lingua e rural: contra a desfeita", tema sobre o que asinan diversos traballos Mini, Xosé Lois García, Mero, Lourenzo Díaz e David Otero. E baixo o lema "Lembrando a Xosé Carlos Peleteiro", en homenaxe a este crego defensor do rural recentemente desaparecido, agrúpanse traballos de Alfonso Blanco, Uxío Losada, Alicia López, Bieito Peleteiro e Manolo Peleteiro, Bernardo Meniño, Eduardo Moscoso, Gumersindo Campaña e Mero Iglesias. Tamén hai unha lembranza na contracapa para Novoneyra. Na parte gráfica destacan os "monos" de Andrade e Xosé Lois, e as fotos do desaparecido Virxilio Viéitez.

**TERRA E TEMPO, Revista galega de pensamento nacionalista** que dirixe Xoán Carlos Garrido sacou un novo número dobre, 153-154, correspondente a xaneiro-xuño do presente ano.

Ábrese o número cunha entrevista a Manuel Rodríguez Viqueira (neto de Johan Vicente Viqueira e fillo de Luisa Viqueira), incluíndo diversos traballos sobre economía, cultura, pensamento (dedicado a Uxío Novoneyra) e Internacional, mentres que Paco Martín viaxa polas augas altas do Douro. Un amplo dossier sobre Prisciliano con varias colaboracións pecha este número de 122 páxinas que edita en Compostela a Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas.





**XISTRAL, Revista lucense de creación poética**, editada pola Concellería de Cultura e Turismo do concello de Lugo e coordinada por Camilo Gómez Torres, sacou un novo número, o 13, na primavera de 2010. Recolle colaboracións poéticas de cincuenta e dous autores, a maioría relacionados con Lugo e provincia, e tamén catro óleos da serie de paisaxes urbanas “Fragmentos de Lugo”, do pintor de Xove Xoán Guerreiro.

**ANTOLOGÍA PERSONAL**, de **Carlos Penelas**, poeta arxentino fillo de galegos, é un percorrido por corenta anos de creación poética: dende “Poemas del amor sin muros”, de 1970, a “Cancionero de la memoria”, de 2010, o autor fai a súa peneira persoal dunha extensa obra nacida da propia experiencia, dunha memoria nostálgica precisada de referencias éticas.

Editorial Dunken ven de facer en Buenos Aires esta edición que conta cunha capa de Juan Manuel Sánchez. Recentemente (12 outubro) o autor estivo en Betanzos, dentro da súa xira por Galicia, falando da súa visión da poesía, mentres que a súa dona recitou varios poemas, e agasalounos cun exemplar.

**AREAL, Revista Cultural de Sada**, ven de aparecer no pasado outubro da man da Asociación Cultural Irmãos Suárez Picallo. Ao longo de 36 páxinas en branco e negro este primeiro número aborda unha chea de traballos, case na súa totalidade centrados en Sada e personaxes sadenses. Así, no apartado Opinión e Actualidade, Edmundo Moure fala de “Memoria e identidade”, mentres que Benedito Álvarez faino sobre “A xestión do patrimonio arquitectónico en Sada”. O apartado Estudos locais recolle varios traballos: Luis Pérez lembra ao sadense “Ricardo Flores, patriota galego”, o mesmo que fai José M<sup>a</sup> Monterroso con “Ricardo Flores: vintecinco anos depois...”; Manuel Pérez Lorenzo rescata a figura doutro sadense en “Nomes propios. Manuel L. Freire-Calvelo na Sada dos anos 20 e 30”, Manuel Lugo lembra o traballo do seu avó “Lugrís e o vocabulario das Irmandades da Fala”; Rafael Carballeira achéganos a “As Brañas de Sada, a natureza esquecida”. No apartado de Documentos recupérase “Un conto da Pardo Bazán ambientado en Sada”, así como o informe “A Sada do 1935 descrita por X. A. Suárez Picallo” e “Un artigo de Ramón Suárez Picallo sobre as froitas das Mariñas”, tamén se publica “Unha carta de Ramón Suárez Picallo a Eduardo Blanco Amor”, “A imaxe comentada” baséase nunha foto de 1930 e pecha a sección “Novas doutro tempo”. Vén logo a “Memoria de actividades”, a cargo de Marisa Naveiro, e “O que limos”, de Xaime Rodríguez. Na parte gráfica colaboran Calros Silvar e M. Suárez de Concha. Saudamos á revista irmá, unha nova referencia cultural nas Mariñas, e desexámoslle unha longa vida.

**SAUDADE, Revista de poesía**, dirixida por António José Queirós en Amarante, no norte de Portugal, sacou no mes de xuño o número 12 que se anuncia como número final. Unha iniciativa máis do amigo Queirós que chega tristemente ao seu fin. Agardamos que teña continuidade noutra publicación nun futuro próximo. Un total de corenta e catro autores colaboran neste número de despedida presididos por esta cita de Fernando Pessoa: “Deus quis que a terra fosse toda uma”. No índice xeral vemos que unha dúcia de voces galegas tiveron cabida ao longo dos dez anos que durou a experiencia de Saudade (2001-2010): Alfredo Ferreiro, Carlos Quiroga, César Antonio Molina, Iolanda R. Aldrei, José Antonio Lozano, Manuel María, Ramiro Torres, Tati Mancebo, Xoán Neira, Xosé Lois García (o que máis veces colaborou), Xosé María Álvarez Cáccamo e Yolanda López.

**RAIGAME, Revista de Arte, Cultura e Tradicións Populares**, editada pola Deputación de Ourense e dirixida por Mariló e Xulio Fernández Senra sacou no pasado maio o número 32. Un apartado especial dedicado ás Letras Galegas 2010 e ao escritor homenaxeado Uxío Novoneyra, ocupa a metade das 94 páxinas da publicación, con traballos de Carmen Blanco, Claudio Rodríguez Fer, Olga Novo e Clodio González Pérez. Os outros colaboradores son Carlos Xesús Varela, José Ángel García, María Zaragoza e M<sup>a</sup> Elisa Abad que asinan traballos sobre diversos temas.



# Lanzós

BAR · CAFÉ

Betanzos



B E T A N Z O S

MARÍA JOSÉ MARIÑO BARRAL  
MANUEL DÍAZ PEÑA

# alza2

ARQUITECTURA E INGENIERÍA

RÚA PINTOR SEJO RUBIO, 23 C  
981 77 06 71 - 660 22 76 19 - 696 83 65 30  
alza2@alza2.net www.alza2.net



# ARUME

FOTOGRAFÍA

Plaza Alfonso IX, 10  
Teléfono 981 770952 · BETANZOS

# dp

movil  
695 269 485  
fax-tel.  
981 77 45 19

Rúa Venezuela 11- 13 Atico eza,  
15300 B E T A N Z O S (A Coruña)  
oficina.doporto@coeatlac.com

# do porto

santos

X. Isidro

Arquitecto  
Técnico

Técnico Superior en PRL  
Agente de la Inspección I+D+D+i

# Ollos

GABINETE OPTICO

Rollo, 21  
Betanzos  
info@ollos.net  
Tifno. 981 775 194

# DONÍN

LIBRERÍA PAPELERÍA

Rúa do Rollo, 32 · 15300 BETANZOS (A Coruña)  
Tel. 981 772649 · E-mail: libreriadonin@libreriadonin.com

# FERRETERÍA

# ROQUE

# MENAXE

MATERIAL ELÉCTRICO

Distribuidor: CAMPING-GAS  
COPIA DE CHAVES  
CERRALLERÍA · FERRAXES

Avda. Xesús García Naveira, 36  
Tel. 981 773253 · BETANZOS

# OPICHO CAROLO



SOPORTAIS DA FONTE DE UNTA, 10  
B E T A N Z O S

R/ Valdoncel, 16  
15300 BETANZOS  
Teléfono 981 774798

# MARÍA LÓPEZ JUNQUERA

# JORGE DÍAZ SÁNCHEZ

clínica veterinaria  
valdoncel



Tienda multimarca

# TROULA

Rosalía de Castro, 6 · Betanzos · Tel. 981 774 590 · troula@terra.es





**MUSEO DAS MARIÑAS**  
-Excmo. Concello de Betanzos-


Aberto tódolos días  
de 10 a 13 e de 16 a 20 h.

**aula nova**  
ACADEMIA BETANZOS

CENTRO HOMOLOGADO  
 XUNTA DE GALICIA  
 FORMACIÓN OCUPACIONAL

R/ Rollo, 32-baixo  
15300 Betanzos  
Tel./Fax 981 77 30 07  
aulain@aulain.e.telefonica.net

**EIRA VELLA**



*Asociación Cultural*  
**BETANZOS**

*Pescadería, 2*  
*Betanzos*

**PAPELERÍA**  
**LIBRERÍA**  
**REGALOS**  
**IMPORTACIÓN**

**ESTANCO**

Valdoncel, 91  
(Ponte Nova)  
Tel. 981 770201  
**BETANZOS**

MIGUEL ÁNGEL BERMÚDEZ RODRÍGUEZ  
ALFREDO ESPADA ÁLVAREZ

RÚA PINTOR SEJO RUBIO, 23 C  
981 77 02 49 - 609 85 88 46  
eysergalicia@terra.es  
www.eysergalicia.biz


**ENXEÑERÍA E TOPOGRAFÍA**  
**EYSER GALICIA S.L.**

TOPOGRAFÍA EN XERAL  
MEDICIÓN DE FINCAS  
PROXECTOS  
INFORMES

PARTIXAS  
VALORACIÓNS  
ASESORAMENTO TÉCNICO  
DOCUMENTOS DE COMPRA-VENTA  
CORRECCIÓN DE ERROS NO CATASTRO  
ALTERACIÓNS NO CATASTRO - FÍSICOS E XURÍDICOS



EIRA VELLA



*Asociación Cultural*  
BETANZOS